**1. Aprenderás o importante.**
A entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas de cómo funciona a economía, identificar e anticipar problemas económicos relevantes en relación coa asignación de recursos en xeral, avaliar, dados os obxectivos, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as mellores.

**2. Nun centro con vocación internacional.**
O número de intercambios internacionais medra cada ano. Contarás con alternativas para poder cursar un ou dous semestres nunha universidade estranxeira.

**3. Facilítaseche a inserción laboral a través de prácticas especializadas en empresas e institucións colaboradoras có obxecto de proporcionar experiencias o máis próximas á túa futura vida laboral.**
Sabes que o 80% dos nosos titulados atopa traballo ao ano de finalizar a titulación?

**4. Porque falar idiomas conta.**
No marco dos novos graos cobra especial importancia o impulso de procesos de ensinanza aprendizaxe plurilingües. O obxectivo é que acades uhna competencia lingüística que posibilite o exercicio profesional en contextos globalizados.

**5. Contamos con profesorado de experiencia docente, investigadora e profesional contrastada.**
O 90% do profesorado é doutor con máis de 12 anos de experiencia docente. Unha parte dos profesores acumulan unha ampla experiencia profesional en postos de responsabilidade en importantes institucións públicas e privadas.

**6. Aulas non masificadas.**
A docencia de cada materia a realizarás en grupos reducidos.

**7. Traballamos no impulso das competencias profesionais necesarias para o teu desenvolvemento como economista.**
O título reúne os requisitos establecidos pola normativa profesional vixente, tanto en contido de materias, como estrutura, habilidades e competencias a desenvolver inherentes á profesión de Economista.

**8. Non xogas a unha carta.**
Temos un sistema de avaliación integral e continua que contempla distintos aspectos da docencia.

**9. A importancia da tecnoloxía.**
A formación académica desenvólvese coas tecnoloxías da información e das comunicacións necesarias para o teu desempeño profesional.

**10. Un sistema de apoio personalizado.**
Contas co apoio dun titor persoal a quén lle podes propor calquera dúbida, consulta, problema ou iniciativa e do que podes acadar asesoramento académico e de orientación.

Para máis información: www.economicas.udc.es | decaecon@udc.es | +34 981 167 000 (ext. 2412)

UNIVERSIDADE DA CORUÑA



# Por que estudiar Economía na Universidade da Coruña

Razóns que fan da titulación de Economía da Universidade da Coruña unha boa alternativa para todos os estudantes que pretendan ser futuros profesionais capaces de analizar, reflexionar e intervir sobre os diferentes elementos que constitúen un sistema económico.

**Porque, todo isto e máis, é o que significa ser un bo graduado/a en Economía.**

**Estrutura do Grao:**

Para completar a súa formación de Grao, un estudante terá que completar **240 ECTS** (European Credit Transfer System) **en 4 anos.**

Estes ECTS divídense en:

**Formación Básica: 60 ETCS**

**Materias Obrigatorias: 150 ECTS**

**Materias Optativas: 18 ECTS**

**Tese de Grao: 12 ECTS**

| PRIMEIRO ANO ACADÉMICO | |
|---|---|
| **Primeiro Cuadrimestre** | **Segundo Cuadrimestre** |
| Matemáticas I | Matemáticas II |
| Principios de Microeconomía | Principios de Macroeconomía |
| Historia Económica | Estatística I |
| Socioloxía | Dereito da Empresa |
| Análise das Operacións Financeiras | Economía da empresa: Dirección e Organización |

| SEGUNDO ANO ACADÉMICO | |
|---|---|
| **Primeiro Cuadrimestre** | **Segundo Cuadrimestre** |
| Microeconomía e Mercados | Macroeconomía |
| Economía Mundial | Políticas Económicas Sectoriais |
| Política Económica | Contabilidade |
| Estatística II | Métodos Estatísticos e Introdución á Econometría |
| Historia Económica de España | Economía Española |

| TERCEIRO ANO ACADÉMICO | |
|---|---|
| **Primeiro Cuadrimestre** | **Segundo Cuadrimestre** |
| Principios de Facenda Pública | Facenda Pública |
| Teoría Microeconómica | Teoría Económica Internacional |
| Econometría I | Econometría II |
| Política Monetaria e Sistema Financeiro | Macroeconomía: Crecemento e Dinámica |
| Integración Económica e Unión Europea | Economía Rexional: Economía de Galicia |

| CUARTO ANO ACADÉMICO | |
|---|---|
| **Primeiro Cuadrimestre** | **Segundo Cuadrimestre** |
| Facenda Pública Española. Sistema Fiscal | Optativa 1 |
| Organización Industrial Europea | Optativa 2 |
| Finanzas | Optativa 3 |
| Marketing | Tese de Grao |
| Análise Económico das Organizacións | |

**Todas as disciplinas teñen 6 ECTS, agás a Tese de Grao (12 ECTS)**

**Materias optativas:**

- Mercados e Intermediarios Financeiros
- Fiscalidade das Operacións Financeiras
- Contabilidade Pública
- Simulación de Modelos Económicos
- Desenvolvemento e Técnicas de Contabilidade Social
- Finanzas Internacionais
- Historia Económica de Galicia
- Dereito da Intermediación Financeira
- Investigación de Mercados
- Prácticas en Empresas (18 ECTS)